

Asunto: informe sobre parque eólico Bustelo e Baralláns

Promotor: EDP Renovables España, S.L.U.

Localización: Concellos de Coristanco e Cabana de Bergantiños (Coruña)

Clave: IN408A 2020/061

ANTECEDENTES:

O proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalacións da liña eléctricas de referencia.

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto do parque eólico Bustelo e Baralláns nos termos municipais dos Concellos de Coristanco e Cabana de Bergantiños (Coruña)

Por parte do Servizo de Enerxía e Minas da xefatura Territorial de A Coruña, solicita informe dentro das nosas competencias, especialización ou ámbito de actuación, sobre o devandito documento con data 12/1/2021 de tal xeito que se fai pertinente requirimento de información , o cal ten resposta o 7/9/2022, ca aportación de documentación básica de afección turística do proxecto, polo que se reitera a solicitude inicial

INFORME

Para a elaboración do presente informe, é de ter en conta o establecido na lei 7/2011 de 27 de outubro de turismo de Galicia, que entre outros establece :

- *A protección e a preservación dos recursos turísticos existentes e o fomento da creación de novos produtos turísticos. (artigo 4.b).*
- *A consideración de recursos de interese turístico, todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables. (artigo 21).*
- *Nos lugares de paisaxe aberta e natural de especial interese, sexa rural ou mariña... nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá... a instalación doutros elementos que limiten o campo visual para contempla as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe ou desfiguren a perspectiva propia dela (artigo 21.3).*

Á vista da documentación presentada, infórmase que:

TURISMO DE GALICIA
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal





A execución de parques eólicos non poden desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando a súa orixinalidade tanto nas características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno

A nosa comunidade autónoma é receptora principalmente dun turismo diferenciado baseado na natureza que supuxo nestes últimos anos a aparición de novos produtos baseado no turismo de natureza (cicloturismo, turismo ornitolóxico.....) e no turismo rural , o que deberá ser respectado na construción de novos parques eólicos sendo por tanto preciso un estudo turístico que avalíe a situación actual e a repercusión que supón un novo parque eólico.

O estudo de impacto turístico debe incluír ou completar a seguinte información de forma exhaustiva e co aporte de planos nos que se poida aclarar os seguintes aspectos :

- Relación de elementos turísticos significativos da zona: hoteis, casas rurais, etc.
- Distancia dos aeroxeradores aos devanditos puntos turísticos.
- Mapa dos PE da contorna existentes e previsión con estudos acústicos sobre sinerxías e control de ruídos que poida ou puidese afectar a zonas turísticas.
- Parpadeo de sombras
- Medidas preventivas e correctoras no desenvolvemento da construción e explotación que puidese afectar a zonas turísticas.
- Programa de vixilancia ambiental na fase de construción e explotación.
- Posibles medidas compensatorias deben ser acordadas co sector turístico da zona e os seus habitantes.
- Medidas que permitan coñecer o impacto real do proxecto autorizado, cun calendario de controis en razón do vento, con medidas automáticas fixando limiares de alerta e críticos, en caso de incumprir a normativa acústica segundo directrices da FAO.
- Valoración do impacto do proxecto sobre os elementos de interese turístico

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luis Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

